





6 imos logo
de varanda?



FUNCIÓN COMUNICATIVAS	COÑECEMENTO DO CÓDIGO			CONTIDOS SOCIOCULTURAS
	LÉXICO	GRAMÁTICA	FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Expresar dúbida ❖ Sintetizar unha información 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ O teatro ❖ Os estilos musicais 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Pronomes persoais: o se formante léxico ❖ Colocación dos pronomes persoais nas perífrases ❖ Formas e usos dos adverbios/locucións adv.: temporais e de dúbida ❖ Derivación: substantivos abstractos ❖ Tipoloxía textual: a crítica 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Atopar/atoparse, afogar/afogarse etc. ❖ Coherencia e cohesión: os sinónimos e hiperónimos ❖ GALEGO EN ACCIÓN: O argumento dunha película 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Nova música galega



Actividade introdutoria

1. Imaxina que es o dependente dunha tenda de discos. Esta semana recibiches esta remesa de novidades. Onde as colocas?

Pop

Rock

Melódica

Heavy






Rancheiras

Folk

Rap

Clásica

Zarzuela



6 imos logo de varanda?

04

2. En Riazor vaise celebrar un concerto dun artista que a ti che gusta moito. Mercas esta entrada, a onde te tes que ir sentar se entras pola porta 29? Localiza no plano o teu asiento.





Gramática e léxico

Prácticas guiadas

GRAMÁTICA SELECTIVA

Para expresar dúbida:

Os chamados adverbios ou locucións adverbiais de dúbida sérvennos para expresala. Observa a diferenza:

Vou ao cine/Quizais vaia ao cine.

Chove/Tal vez chova esta tarde.

Está enfermo/Igual está enfermo e por iso non veu.

Vou ao cine/Ao mellor vou ao cine.

Chove/Se cadra chove esta tarde.

Está enfermo/O mesmo está enfermo e por iso non veu.

Fixate que algúns adverbios e locucións esixen poñer o verbo en subxuntivo (*vaia, chova*), mentres que outros manteñen o indicativo (*está, vou, chove*).

Para indicar localización temporal:

Para indicar a localización dun feito ou acción no tempo podemos usar:

a) adverbios de tempo:

Hoxe comín todo.

Onte deixei a comida no prato.

Mañá farei eu a comida.

Sempre me toca cociñar a min, **nunca** cociñas ti.

Daquela usábanse moito os cintos anchos.

O auténtico desastre comezou **entón**.

Aínda non chegara, chegou **despois**.

Ás oito **xa** viñera do bar.

Vente **cedo**, non chegues **tarde**.

b) frases que funcionan como CC de tempo:

Neste mes sempre fai moita calor. (Frase preposicional)

Esta semana tócache fregar os pratos. (Frase nominal)

Case nunca vés á túa hora. (Frase adverbial)

O SE FORMANTE LÉXICO

As formas do pronome reflexivo poden actuar como formantes léxicos; isto é, introducen matices semánticos no verbo ao que acompañan, de forma que este:

a) non ten exactamente o mesmo significado segundo vaia ou non acompañado polo pronome:

*acordar/acordarse, rexistrar/rexistrarse, afogar/afo-
garse etc.*

b) pode esixir unha rexencia sintáctica distinta segundo vaia ou non acompañado ou non polo pronome:

*atopar/atoparse con, lembrar/lembrarse de, escribir/
escribirse con etc.*



c) No cadro seguinte, anotade as razóns da vosa elección e por que desbotastes algunha das outras.

Opción rexeitada:

Razóns do rexeitamento:

Porque as entradas saían caras...

Opción elixida:

Razóns da elección:

Porque nos gusta a todos...

4. Escoita agora esta conversa telefónica, onde alguén dubida se ir ver unha película cun amigo ou quedar na casa estudando. 

Por parellas, imitade agora esta conversa onde dubidedes sobre se ir ao teatro ou á festa da androlla.





5. Neste texto, fixate nos verbos que aparecen destacados:

AVISTAMENTO OVNI NUNHA PARROQUIA DA COMARCA DE SANTIAGO

Axencia Fefé.

O avistamento ovni **ocorreu** onte, día 13 de decembro, na parroquia de Cacheiras, no concello de Teo. Así o **manifestaron** M. H. e P.V., dous homes que viaxaban sobre as sete da tarde pola estrada que une Santiago co concello pontevedrés de Forcarei e que se dirixían, segundo dixeron, ao aeroporto de Lavacolla para **despedirse** dun familiar que ía tomar o voo que une a capital galega con Amsterdam. Segundo o relato destas dúas testemuñas, **fixáronse** nun estraño obxecto que cruzou preto do seu coche porque **despedía** unha luz moi intensa. Nun primeiro momento **ocorréuselles** que podería **tratarse** dun avión que voaba a unha altura moi baixa, pero logo desbotaron a idea ao ver a velocidade á que se desprazaba e descubrir que a forma que tiña **se parecía** á dunha roda. **Onte e hoxe** na comarca de Santiago **rexistráronse** temperaturas moi baixas, pouco habituais nesta zona, onde case **nunca** o termómetro baixa de cero, polo que se baralla a posibilidade de que se trate dalgún fenómeno meteorolóxico estraño.

Estes son os verbos:

Sen o pronome reflexivo:	Significados:	Co pronome reflexivo:	Significados:
ocorrer	sucedet, pasar	ocorrerse	pensar, vir á mente
manifestar	manifestarse
despedir	despedirse	dicir adeus
.....	ocuparse dun asunto	tratarse
.....	parecerse
.....	fixarse	observar algo
.....	rexistrarse


a) Pon nos ocos os verbos que faltan para completar as parellas.

b) Reflexiona sobre os distintos significados que ten o verbo segundo apareza con ou sen o pronome reflexivo.

6 imos logo de varanda?



6. Fíxate agora nas situacións que ilustran estas viñetas e procura usar polo menos dous dos verbos vistos na explicación sobre o que se pode ver nelas:



Tipoloxía textual

A crítica

9. Lede a crítica que nunha páxina especializada en cine se fai a esta película:

A **historia** céntrase en Linda Hanson (**Sandra Bullock**), sensible ama de casa cuxo ideal matrimonio caeu no **cansazo**. Cando **Jim** morre nun accidente automobilístico, Linda queda sumida na **tristura**, e só a compañía da súa **familia** (de súa **nai** e das súas dúas **fillas**) logra darlle **fortaleza**. Porén, ao día seguinte, Linda esperta e atopa o seu **home** vivo. Todo foi un **soño**! Pero certos detalles fanlle crer que non foi unha **fantasía**, senón unha visión de futuro. Por suposto, ninguén lle inspira a suficiente **confianza** como para contarlle tal cousa. Poderá evitar a accidental morte do seu **esposo**?

O **guión** da **película** non ofrece moitas explicacións sobre as anómalas experiencias da protagonista. Os aparentes saltos no tempo funcionan suficientemente ben para impulsar a trama e manter un adecuado suspense sobre o desenlace. Malia isto, o **filme** resulta cansado e aburrido, porque o guión discorre polo camiño fácil do clixé e do **sentimentalismo** barato.

Quizás algúns espectadores encontrarán atractiva a eterna disxuntiva entre **determinismo** e libre albedrío que parece manexar *Premonition*. Con algunhas medianas excepcións (como a **actuación** en *Crash* [Colisión]), **Sandra Bullock** mostrou ata o de agora pouca **credibilidade** en **papeis** serios e, se cadra por iso, limitou a súa carreira a comedias románticas. Aquí, con todo, realiza un **traballo** adecuado... que non é particularmente notable, pero funciona dentro dos parámetros da historia.

O director alemán **Mennan Yapo** realiza un **labor** decente no aspecto técnico, isto unido ás interesantes ideas centrais sobre destino e **causalidade** e a enxeñosa evolución emocional do personaxe central permiten unha leve recomendación para *Premonición*. Como conclusión, podemos dicir que a experiencia xeral non é moi satisfactoria, polo que teño a premonición de que non moita xente terá tanta **paciencia**.

Adaptado de www.labutaca.net

Por tratarse dun texto valorativo, tamén son moi frecuentes os adxectivos cualificativos. Localiza os do texto.

A CRÍTICA

Unha crítica é un texto onde un especialista na materia dá a súa opinión e verte as súas ideas ao redor dunha película de cine, un libro etc. Por esta razón, é relativamente frecuente que na crítica aparezan substantivos abstractos que fan referencia a correntes, ideoloxías, calidades, ideas, sentimentos etc. No texto aparecen destacados algúns destes sufixos formadores de substantivos abstractos:

- | | |
|------------------------|---------------------------|
| -azo: cansazo | -ura: tristura |
| -eza: fortaleza | -anza: confianza |
| -ismo: sentimentalismo | -ibilidade: credibilidade |
| -idade: causalidade | -iencia: paciencia |



10. De igual maneira, tamén marcamos un procedemento de cohesión importante á hora de construír un texto e evitar repeticións innecesarias, ao tempo que se diversifica o léxico empregado que, desta forma é moito máis rico:

a) en vermello aparecen destacados os sinónimos:

- | | |
|---------------------|-------------------|
| historia - guión | película - filme |
| Jim - home - esposo | actuación - papel |
| soño - fantasía | traballo - labor |

b) en verde, hiperónimo e cohipónimos correspondentes:

familia: nai, fillas

Ben, pois chegou agora o momento de que, atendendo a todas estas recomendacións, elabores a túa propia crítica. Propoñémosche unha serie de televisión das máis vistas nos últimos anos na TVG ou un clásico das películas infantís:



CRÍTICA: _____

Propoñémosche que uses estes **sinónimos**:

- | | |
|-----------------------|----------------------|
| papel - actuación | pasado - pretérito |
| programación - grella | historia - argumento |
| amena - entretida | xenial - mestra... |

Tamén estoutros **hiperónimos** e **cohipónimos**:

- Familia: avoa, netos, pai, nai...
- Medios: televisión, radio...
- Programas: películas, series, concursos...



Modelo actividade Celga

11. Falando de música galega, aquí tes a Luís Emilio Batallán cantando unha letra do autor Álvaro Cunqueiro. Observa o vídeo e trata de responder estas cuestións.

- Que sitios de Galicia recoñeces no vídeo? Esríbeos.
- Se fas un segundo visionado do vídeo, verás que ás veces non son sitios, senón costumes ou cousas típicas da nosa terra, cales?
- Fixándonos agora no texto, explica oralmente que nos conta o poema.

12. Le a entrevista que che achegamos ao grupo galego Os trasnos de moscoso e contesta:

- Que tipo de música fan?
- Que sabes dese tipo de música? Busca unha información mínima a través da rede ou dunha enciclopedia se non sabes nada.
- Gústache esta música?
- Hai moito tempo que están en escena?
- Como comezaron?
- Cantos son e como se chaman?
- Todos galegos?
- Onde está Moscoso? Se non o sabes, búscalo coa axuda dun compañeiro nun mapa de Galicia.
- Que opinión lles merece o actual panorama musical galego?
- Dos intérpretes ou grupos que lles gustan a eles, ti coñeces algún?
- Que outros músicos galegos coñeces?




Contido sociocultural

Nova música galega



Zénzar



Mercedes Peón



The Homens




Ruxe-Ruxe

Hoxe a música galega e en galego está experimentando unha importante eclosión en todos os estilos, mesmo nalgúns que ata os nosos tempos case eran inexplorados, tal é o caso do hiphop (Os trasnos de Moscoso) ou o rap (Dios que te crew). Alén disto, xorden ou xa funcionan dende hai anos grupos de pop e rock coma Zénzar ou The Homens. Outros, sen renunciar totalmente á música tradicional exploran novas fusións (Ruxeruxe, Marful ou os solistas Mercedes Peón e Xosé Manuel Budiño).

Popularízanse novos estilos que van gañando o seu espazo e fálase así de Rock Bravú, Rock parrulo, Rock de batea...

Todos estes grupos e solistas actúan ao longo e ancho do país en distintas salas e festivais que se celebran ao cabo do ano, coma o Festival de Pardiñas (Guitiriz), o Festival dos Botes (Arzúa), Revoltallo (Vigo), Ordesrock (Ordes), Festival do Castro (Pantón) ou o Festival da Arrincadeira (Noia), só por citar algúns.



Transcripción do audio

4. Conversa telefónica onde alguén dubida se ir ver unha película cun amigo ou quedar na casa estudando.

- Que tal Xosé?
- Ola, colega. Que contas?
- Estou aquí na casa aburrido e ocorrémese chamarte para ver se che apetece vir comigo a ver *Premonition*; xa sabes, a última de Sandra Bullock, que sei que a ti che gusta moito esa actriz...
- Home, pois non sei, non sei... Posme ante unha elección difícil porque eu estou aquí na casa estudando, que mañá teño un exame de Historia...
- Máis ao meu favor, non me dirás que prefires estudar...
- Non é que o prefira, pero teño o exame aínda moi pouco preparado. Preciso darlle un repaso.
- Telo estudado ou non o tes estudado?
- Estouno repasando.
- Anda, decidete, que despois sempre levas sobresalientes. É mellor que quites un notable e polo menos ves a película.
- Quizais teñas razón, ao mellor non o teño tan mal preparado como pensaba. Vémonos na porta do cine. As entradas?
- Hai que as quitar ao chegar, non as dei pillado por Internet.
- Vale, pero se hai que quitalas temos que nos ver dez minutos antes. Ás dez?
- Veña, alí ás dez. Abur.